

CAMPAMENTOS DE VERÁN ESPECÍFICOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE 2023 (PR004A)
XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

Obxecto

Gozar durante 10 días, dunha estadía socializadora e de convivencia, nun espazo lúdico, humano, integrador, formativo e seguro; mediante o desenvolvemento de actividades dirixidas ao fomento de habilidades sociais, ao contacto coa natureza e o mar, ao coñecemento da propia cultura e á educación para a saúde.

Prazas ofertadas e prezos

Ofértanse 250 prazas nas seguinte instalacións:

- Albergue Xuvenil de Gandarío, en Bergondo (A Coruña)
- Residencia de Tempo Libre de Panxón, en Nigrán (Pontevedra)
- Residencia de Tempo Libre do Carballiño (Ourense)

Prezo xeral: 125 € | Prezo con Título de familia numerosa (-50%): 62,5€ | Prezo con Carné xove (-25%): 93,75€

Persoas destinatarias

As persoas que teñan recoñecida a condición de persoa con discapacidade, cun grao igual ou superior ao 33%, e unha idade comprendida entre os 11 e os 50 anos, segundo se indica en cada unha das quedas.

Requisitos

- Ter recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Ter unha idade comprendida entre os 11 e os 50 anos. Ter cumprida a idade mínima ao inicio da quenda e non superar a idade máxima á súa finalización.
- Estar empadroadado nalgún concello de Galicia.
- Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.
- Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.
- Ter unha mobilidade acorde coas características da instalación que se solicita.

Solicitudes e prazo

As solicitudes, acompañadas do informe médico, presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/detalle> procedemento PR004A

Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común

Ata o 2 de maio de 2023

Máis información

Servizos sociais comunitarios do Concello de Touro

Teléfono: 981504000 Extensión 1